•*Establecer y aprobar los requisitos de seguridad aplicables al servicio y la información dentro del marco establecido en el anexo I del Real Decreto del Esquema Nacional de Seguridad.*

•*Aceptar los niveles de riesgo residual que afecten al Servicio y a la Información.*

Funciones del Responsable de Seguridad

•*Mantener y verificar el nivel adecuado de seguridad de la Información manejada y de los servicios electrónicos prestados por los sistemas de información.*

•*Promover la formación y concienciación en materia de seguridad de la información.*

•*Designar responsables de la ejecución del análisis de riesgos, de la declaración de aplicabilidad, identificar medidas de seguridad, determinar configuraciones necesarias, elaborar documentación del sistema.*

•*Proporcionar asesoramiento para la determinación de la categoría del sistema, en colaboración con el Responsable del Sistema.*

•*Participar en la elaboración e implantación de los planes de mejora de la seguridad y llegado el caso en los planes de continuidad, procediendo a su validación.*

•*Gestionar las revisiones externas o internas del sistema.*

•*Gestionar los procesos de certificación.*

•*Elevar a la Dirección la aprobación de cambios y otros requisitos del sistema.*

Funciones del Responsable del Sistema



- *Paralizar o dar suspensión al acceso a información o prestación de servicio si tiene el conocimiento de que estos presentan deficiencias graves de seguridad.*
- *Desarrollar, operar y mantener el sistema de información durante todo su ciclo de vida.*
- *Elaborar los procedimientos operativos necesarios.*
- *Definir la topología y la gestión del Sistema de Información estableciendo los criterios de uso y los servicios disponibles en el mismo.*
- *Cerciorarse de que las medidas específicas de seguridad se integren adecuadamente dentro del marco general de seguridad.*
- *Prestar al Responsable de Seguridad de la Información asesoramiento para la determinación de la Categoría del Sistema.*
- *Colaborar, si así se le requiere, en la elaboración e implantación de los planes de mejora de la seguridad y, llegado el caso, en los planes de continuidad.*
- *Llevar a cabo las funciones del administrador de la seguridad del sistema:*
 - *La gestión, configuración y actualización, en su caso, del hardware y software en los que se basan los mecanismos y servicios de seguridad.*
 - *La gestión de las autorizaciones concedidas a los usuarios del sistema, en particular los privilegios concedidos, incluyendo la monitorización de la actividad desarrollada en el sistema y su correspondencia con lo autorizado.*
- *Aprobar los cambios en la configuración vigente del Sistema de Información.*
- *Asegurar que los controles de seguridad establecidos son cumplidos estrictamente.*
- *Asegurar que son aplicados los procedimientos aprobados para manejar el Sistema de Información.*
- *Supervisar las instalaciones de hardware y software, sus modificaciones y mejoras para asegurar que la seguridad no está comprometida y que en todo momento se ajustan a las autorizaciones pertinentes.*
- *Monitorizar el estado de seguridad proporcionado por las herramientas de gestión de eventos de seguridad y mecanismos de auditoría técnica.*

Funciones del Comité de Seguridad de la Información

Las funciones propias de un Comité de Seguridad de la Información son las siguientes:

- *Atender las solicitudes, en materia de Seguridad de la Información, de la Administración y de los diferentes roles de seguridad y/o áreas informando regularmente del estado de la Seguridad de la Información.*



• *Asesorar en materia de Seguridad de la Información.*

• *Resolver los conflictos de responsabilidad que puedan aparecer entre las diferentes unidades administrativas.*

• *Promover la mejora continua del sistema de gestión de la Seguridad de la Información. Para ello se encargará de:*

o Coordinar los esfuerzos de las diferentes áreas en materia de Seguridad de la Información, para asegurar que estos sean consistentes, alineados con la estrategia decidida en la materia, y evitar duplicidades.

o Proponer planes de mejora de la Seguridad de la Información, con su dotación presupuestaria correspondiente, priorizando las actuaciones en materia de seguridad cuando los recursos sean limitados.

o Velar porque la Seguridad de la Información se tenga en cuenta en todos los proyectos desde su especificación inicial hasta su puesta en operación. En particular deberá velar por la creación y utilización de servicios horizontales que reduzcan duplicidades y apoyen un funcionamiento homogéneo de todos los sistemas TIC.

o Realizar un seguimiento de los principales riesgos residuales asumidos por la Administración y recomendar posibles actuaciones respecto de ellos.

o Realizar un seguimiento de la gestión de los incidentes de seguridad y recomendar posibles actuaciones respecto de ellos.

o Elaborar y revisar regularmente la Política de Seguridad de la Información para su aprobación por el órgano competente.

o Elaborar la normativa de Seguridad de la Información para su aprobación en coordinación con la Dirección General.

o Verificar los procedimientos de seguridad de la información y demás documentación para su aprobación.

o Elaborar programas de formación destinados a formar y sensibilizar al personal en materia de Seguridad de la Información y en particular en materia de protección de datos de carácter personal.

o Elaborar y aprobar los requisitos de formación y calificación de administradores, operadores y usuarios desde el punto de vista de Seguridad de la Información.

o Promover la realización de las auditorías periódicas ENS y de protección de datos que permitan verificar el cumplimiento de las obligaciones de la Administración en materia de seguridad de la Información.

Procedimientos de designación



La designación de los Responsables identificados en esta Política ha sido realizada por Alcaldía-Presidencia del Ayuntamiento de San Sadurniño y comunicada a las partes afectadas mediante traslado de la Resolución.

Los roles de seguridad serán revisados cada cuatro años, en el caso de que exista una vacante la misma deberá ser cubierta en el plazo de un mes, siguiendo el mismo procedimiento.

Resolución de conflictos

Si hubiera conflicto entre los Responsables, será resuelto por el Comité de Seguridad de la Información.

DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

El Ayuntamiento de San Sadurniño, en el tratamiento de los datos personales, cumple con los principios y obligaciones de la normativa vigente, entre otra el Reglamento 679/2016, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la Protección de las Personas Físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento General de Protección de Datos-RGPD-) y la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de derechos digitales, respetando, en todo caso, el derecho fundamental a la protección de datos personales, la intimidad y el resto de los derechos fundamentales reconocidos tanto en la legislación y tratados internacionales como en la Constitución vigente.

DESARROLLO DE LA POLÍTICA DE SEGURIDAD DE LA INFORMACIÓN

El cumplimiento de los objetivos marcados en esta Política de Seguridad se lleva a cabo mediante el desarrollo de documentación que componen las normas y procedimientos de seguridad asociados al cumplimiento del Esquema Nacional de Seguridad. Para su organización se ha definido una Norma para la Gestión de la Documentación, que establece las directrices para la organización, gestión y acceso.

La revisión anual de la presente Política corresponde al Responsable de Gobierno, proponiendo en caso de que sea necesario mejoras de la misma, para su aprobación por parte del mismo órgano que la aprobó inicialmente.

TERCERAS PARTES

Cuando el Ayuntamiento preste servicios a otros organismos, o maneje información de otros organismos, se les hará partícipe de esta Política de Seguridad de la Información. El Ayuntamiento de San Sadurniño definirá y aprobará los canales para la coordinación de la información y los procedimientos de actuación para la reacción ante incidentes de seguridad, así como el resto de las actuaciones que el Ayuntamiento lleve a cabo en materia de Seguridad en relación con otros organismos.

Cuando el Ayuntamiento de San Sadurniño utilice servicios de terceros o ceda información a terceros, se les hará partícipe de esta Política de Seguridad y de la Normativa de Seguridad existente



que ataña a dichos servicios o información. Dicha tercera parte quedará sujeta a las obligaciones establecidas en la mencionada normativa, pudiendo desarrollar sus propios procedimientos operativos para satisfacerla. Se establecerán procedimientos específicos de comunicación y resolución de incidencias.

Se garantizará que el personal de terceros esté adecuadamente concienciado en materia de seguridad, al menos al mismo nivel que el establecido en esta Política de Seguridad.

De igual modo, teniendo en cuenta la obligación de cumplir con lo dispuesto en las Instrucciones Técnicas de Seguridad recogida en la Disposición adicional segunda (Desarrollo del Esquema Nacional de Seguridad) del Real Decreto Real Decreto 311/2022, de 3 de mayo, por el que se regula el Esquema Nacional de Seguridad, y en consideración a la Instrucción Técnica de Seguridad de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad, donde se establece que los operadores del sector privado que presten servicios o provean soluciones a las entidades públicas, a los que resulte exigible el cumplimiento del Esquema Nacional de Seguridad, deberán estar en condiciones de exhibir la correspondiente Declaración de Conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad cuando se trate de sistemas de categoría BÁSICA, o la Certificación de Conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad, cuando se trate de sistemas de categorías MEDIA o ALTA.

Cuando algún aspecto de esta Política de Seguridad no pueda ser satisfecho por una tercera parte según se requiere en los párrafos anteriores, se requerirá un informe del Responsable de Seguridad que precise los riesgos en que se incurre y la forma de tratarlos. Dicho informe deberá ser aprobado por los responsables de información y los servicios, con carácter previo al inicio de la relación con la tercera parte.

Declaracion institucional por un tren do século XXI para Ferrolterra, Eume e Ortegal	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Don Secundino García, alcalde, agradece a presenza nesta sesión de dúas portavoces do Foro cidadán polo Ferrocarril, dona Esperanza Piñeiro e dona Xulia Díaz, e procédese á lectura da Declaración Institucional, realizándose polo Sr. Alcalde un chamamento á cidadanía para a participación na manifestación convocada para este domingo.

Indica que o texto foi plantexado nunha Xunta de Voceiros co acordo dos tres grupos con representación plenaria.

A Corporación Municipal de San Sadurniño, representada por todos os membros do Pleno, acorda unánimemente a seguinte.

DECLARACION INSTITUCIONAL POR UN TREN DO SÉCULO XXI PARA FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL

A Unidade dos diferentes actores públicos ferroláns e galegos decidiu a presentación ante o Goberno de España das demandas por un tren do século XXI para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.



A cidadanía xa se está mobilizando e reclamando o dereito de que esta comarca non sexa permanentemente excluída da modernización do transporte ferroviario, ambiental e socialmente sostible. Non merecemos nin máis nin menos que outras zonas de Galicia.

A conectividade dos territorios ás redes de transporte é hoxe en día, e máis que nunca, unha necesidade. Vivimos nunha sociedade en continuo movemento, onde a mobilidade de persoas e mercadorías é fundamental para conseguir unha sociedade ben estruturada e permitir o desenvolvemento económico e social, e a xeración de riqueza. No actual contexto de crise enerxética e climática, o ferrocarril é o medio de transporte máis idóneo porque non depende exclusivamente de combustibles fósiles. Europa aposta polo tren tanto para o movemento de persoas como de mercadorías, e tanto os servizos de proximidade de áreas urbanas como nos servizos rexionais, de longo percorrido e alta velocidade.

Neste contexto, resultan cada vez máis preocupantes e inxustas as grandes carencias que a comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal padecen en materia ferroviaria. As deficiencias das infraestruturas ferroviarias, a escaseza de servizos e tempos de viaxe non competitivos debuxan un panorama moi negativo para a nosa comarca, o que implica unha dependencia cada vez maior do transporte por estrada para a mobilidade de persoas e mercadorías.

O diagnóstico que realizamos da situación actual é o seguinte:

Ferrol está excluído do Eixo Atlántico ferroviario de Alta Velocidade. A autoestrada da Atlántico AP-9 que comunica Ferrol coa Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo e a fronteira con Portugal, é sen dúbida a auténtica espiña dorsal da mobilidade interna de Galicia por estrada a pesar de ser de peaxe. Nos últimos anos realizouse unha modernización ferroviaria nalgúns liñas de Galicia, esencialmente nos traxectos A Coruña-Vigo dentro do Eixo Atlántico e Santiago de Compostela-Ourense con saída cara á Meseta e Madrid. Ditas actuacións centráronse na súa conversión en liñas de altas prestacións para a chegada da Alta Velocidade a Galicia. O Eixo Atlántico ferroviario, nos seus primeiros proxectos foi proxectado desde Ferrol a Tui, pero os tramos Vigo-Tui e o que nos interesa da Coruña a Ferrol, quedaron excluídos das actuacións ferroviarias de altas prestacións, e é unha cuestión que non podemos admitir.

Ferrol está deficientemente conectado ao resto da rede ferroviaria galega. Ferrol uniuse á rede ferroviaria galega a través do tramo Ferrol-Betanzos Infesta, que se empezou a construír a finais do século XIX e finalizouse na segunda década do século XX, cunhas características técnicas que non se adaptan ao contexto actual, con curvas de radio pequeno. O trazado está sen dobre vía, sen electrificar e nalgún tramo aínda existen travesas de madeira. Os investimentos máis destacados que se realizaron neste tempo foron a instalación do Bloqueo Automático para incrementar a seguridade o que supuxo tamén a desaparición de persoal nas estacións do traxecto e a supresión dalgúns pasos a nivel. Isto dá unha idea do deixamento e a falta de investimentos importantes na infraestrutura. Iso condiciona toda a mobilidade ferroviaria de fronte ao exterior de Ferrol, tanto de persoas como de mercadorías.

Como consecuencia disto, **a conexión entre Ferrol e A Coruña é moi deficiente.** Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, as dúas cidades conforman a Rexión Urbana do Golfo Ártabro, e deben tender cara a unha integración funcional. A realidade é que existen moi poucos servizos ferroviarios entre ambas as cidades a día de hoxe, con tempos elevados, non



competitivos e adaptados ás ligazóns cos trens de Alta Velocidade da Coruña-Madrid e viceversa, obviando a mobilidade do resto de poboación que se poida desprazar por estudos, traballo etc.

Ferrol é a única das sete grandes cidades galegas sen plans para a chegada da alta velocidade. Mentres que as cidades do Eixo Atlántico xa dispoñen de trens AVE e estanse executando obras para a conexión entre Lugo e Ourense, Ferrol é un fondo de saco ferroviario esquecido no que non existe calendario oficial para a chegada da Alta Velocidade ferroviaria. A maiores tamén se eliminou a conexión directa con Madrid, coa desculpa de que se ten decido que as relacións entre Galicia e Madrid sexan con trens AVE (Talgo serie 106) que son exclusivamente de tracción eléctrica. Desde Renfe xustificanse con que se poñen trens rexionais con ligazón na Coruña.

Os servizos de proximidade que existen en Ferrol son de Renfe ancho métrico e presentan un elevado número de deficiencias. Os únicos servizos de proximidade que se prestan en Galicia son os que opera Renfe Ancho Métrico (antiga FEVE) entre Ferrol e Ortigueira, cunha deterioración paulatina ano tras ano. A falta de investimento importante en infraestrutura, un material rodante escasamente fiable, con avarías constantes e unhas frecuencias mellorables fan que o servizo sexa deficiente.

A conexión ás dársenas portuarias de Ferrol (interior e exterior) non está integrada no Corredor Atlántico Europeo de mercadorías. O transporte ferroviario de mercadorías na comarca e no Porto de Ferrol está limitado polas características da liña entre Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo. Aínda que se abra en breve prazo o acceso ferroviario a Caneliñas e se realice a modernización do traxecto entre o porto interior e a estación de ferrocarril de Ferrol con terceiro carril, a evolución e incremento de transporte de mercadorías vai estar supeditada a que os tramos Ferrol-A Coruña-Lugo-Monforte de Lemos non están incluídos no Corredor Atlántico Europeo de Mercadorías.

Ferrol e a súa comarca foron sistematicamente marxinados nos investimentos importantes ferroviarios. Mentres que nas últimas décadas investíronse enormes cantidades no resto da rede ferroviaria galega, tanto en conexións interiores como coa meseta, na comarca de Ferrol só se realizaron investimentos para renovacións de vía puntuais, instalación de Bloqueo Automático en as redes de ancho convencional e métrico, pero non se realizaron investimentos importantes, e nalgún caso, aínda que estaban contempladas nos Orzamentos Xerais do Estado, e no Plan Director de ADIF, nin se licitaron, nin se executaron e/ou se esqueceron nalgún caixón ministerial. Tampouco a compra de material novo para Renfe Ancho Métrico vai supoñer que se adxudique a Ferrol, xa que a maioría dos trens son de tracción eléctrica e a rede de ancho métrico en Galicia non está electrificada, e os seis trens híbridos son para substituír os que realizan o servizo entre Oviedo-Santander-Bilbao.

Unha vez exposto o anterior queremos concretar e esixir o seguinte:

1. Instar ao Goberno do Estado a de maneira inmediata restituír as frecuencias e horarios entre Ferrol e A Coruña que existían ata o 9 de Xuño incluíndo a relación directa con Madrid e o incremento das frecuencias entre Ferrol e A Coruña para cumprir as necesidades de mobilidade da cidadanía. Isto conleva o aumentar o numero de unidades para poder realizar un servizo ferroviario eficaz e eficiente (Que non haxa vehículos de RENFE “ociosos” que poidan prestar o seu servizo).
2. Instar ao Goberno do Estado a iniciar este ano 2025 o estudio informativo para a modernización da infraestrutura ferroviaria entre Ferrol - Betanzos Infesta-A Coruña para que sexa unha liña do século



XXI, que permita a integración da comarca de Ferrol co resto da rede ferroviaria galega e co exterior, onde se contemple a rectificación de curvas, renovación de túneles, duplicación de vía, electrificación, puntos de cruzamento para mercadorías de 750m como esixe a Unión Europea e a súa inclusión no Corredor Atlántico tanto de viaxeiros como de mercadorías. Dito investimento ten que supoñer redución considerable dos tempos de viaxe para que sexan competitivos con outros modos de transporte e o vehículo privado.

3. Instar ao Goberno do Estado a resolver este ano 2025 as alegacións ao proxecto de construción do bypass de Betanzos Infesta e iniciar este ano a redacción do proxecto.

4. Instar ao Goberno do Estado á mellora e modernización da infraestrutura e servizos de proximidade entre Ferrol e Ortigueira. O tren de vía estreita non pode continuar cun proceso de degradación progresiva dado que é vital para a vertebración de todo o norte de Galicia entre Ferrol e Ribadeo.

5. Instar ao Goberno do Estado á creación dun servizo de proximidade ferroviario entre Ferrol e A Coruña. Trátase de vertebrar da forma mais eficiente un espazo urbano onde residen mais de 600.000 persoas, que permita unha mobilidade sostible, creando unha auténtica alternativa de transporte.

6. Instar ao Goberno do Estado á intermodalidade dos diferentes modos de transporte. Crear unha rede de transporte comarcal onde estean incluídos todos os modos de transporte colectivos existentes (trens de proximidade, trens rexionais, autobuses urbanos e interurbanos, taxis) con horarios e tarifas integradas. Esta rede de transporte supoñería a transformación das actuais estacións de tren e autobús de Ferrol, nunha única estación intermodal máis moderna e funcional. Por iso é necesario a sinatura este ano 2025 do Convenio de Construción da Estación Intermodal entre ADIF, Xunta de Galicia e Concello de Ferrol e revisar o número de apeadeiros en toda a liña para que poidan cumprir a función de accesibilidade adecuada, mellorando o acceso, e que toda a poboación beneficiase dos mesmos.

7. Instar ao Goberno do Estado á integración do Porto Exterior e Interior na rede ferroviaria moderna. Inclusión do Porto Exterior e Interior na Rede Básica Transeuropea de Transporte (RTE-T) de transporte ferroviario de mercadorías xunto cos tramos Ferrol-Betanzos Infesta-Lugo-Monforte de Lemos para un maior desenvolvemento industrial e económico da comarca.

8. Instar á Xunta de Galicia a solicitar o traspaso dos medios e servizos de viaxeiros por ferrocarril para a xestión ferroviaria dun verdadeiro Servizo de proximidade á comunidade autónoma de Galicia como existe noutras comunidades autónomas dado que non hai impedimentos legais para iso, o que suporía unha xestión máis próxima tanto para a administración como para a cidadanía. A transferencia das competencias debe incluír previa e necesariamente o compromiso do Goberno Central de rematar todas as obras pendentes, o traspaso de material e a financiación necesaria.

9. Instar ao Goberno do Estado a impulsar as actuacións necesarias para garantir a chegada efectiva da alta velocidade ferroviaria ás cidades de Ferrol e Lugo, asegurando a súa plena integración no Eixo Atlántico de Alta Velocidade.

Declaracion institucional polo 25N	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



Resolución:

Don Secundino García, alcalde, sinala que o texto foi acordado en Xunta de Voceiros tras a Comisión Informativa do luns, e por parte de dona María Muíño realízase unha somera exposición da mesma.

A Corporación Municipal de San Sadurniño, representada por todos os membros do Pleno, acorda por unanimidade a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVIEMBRE.

Neste 2025 cúmplense 18 anos da Lei galega contra a violencia machista, unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo que contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións, considerándoa consecuencia do patriarcado, ampliando o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñando medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Con todo, hai que recoñecer que non é suficiente, quedando aspectos desta lei que están aínda por desenvolver como son a atención psicolóxica na Atención Primaria, incremento das axudas económicas que aínda están por baixo do establecido na lei aprobada case hai dúas décadas, considerar as vítimas de agresión sexual nas axudas económicas, garantir a formación especializada das profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; tomar medidas para reducir o proceso de revitimización no ámbito xudicial; mellorar o financiamento e dotación de para os CIM ou a dotación dun plan de educación afectivo-sexual no ensino publico.

O Consello de Contas publica neste verán un informe no que avalía as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Este informe sinala que só se destina a prevención un 3% dos recursos, detecta unha redución do persoal, e a falta dun sistema público e directo de atención ás vítimas. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual son xestionados de maneira privada.

Neste 2025 cúmprense tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar o a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.



No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Por estes motivos, a corporación municipal do concello de San Sadurniño denuncia que o negacionismo da violencia machista é unha forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso coas políticas de prevención (educación e sensibilización) e coa prestación de servizos para o acompañamento e asesoramento das mulleres vítimas de violencia machista e as súas crianzas.

En relación ao noso compromiso queremos solicitar:

a. Que a Xunta de Galiza atenda ás recomendacións emitidas polo Consello de contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 . Contribuíndo a unha rede pública de servizos que permitan afondar na prevención e na atención a mulleres vítimas de violencia machista destacando polo impacto que está a ter no noso territorio:

1. O impulso dun novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución para os Centros de Información á Muller, co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

2. Asumir mediante xestión pública directa os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.

b. Istar ao Goberno do Estado á creación do xulgado específico contra a violencia machista en Ferrol, coa maior celeridade.

c. Manter o compromiso por parte do Concello de San Sadurniño de desenvolver cantas actuacións, na marxe do noso ámbito competencial, sexan necesarias na defensa dos dereitos das mulleres e de xeito específico das vítimas de violencia machista.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta: Esfuerzo Fiscal, PMP 3T2025, Execucion Trimestral 3T2025, CESEL2024

Non se producen intervencións

Dación de conta Decretos 422/2025 a 545/2025



Non se producen intervencións

C) ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas

Por don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregúntase por unha noticia que veu acerca de que o Concello vai destinar 17.000€ a unha auditoría sobre a eficiencia da recollida de lixo e inquire en qué consiste.

Don Secundino García, alcalde, indica que se trata dun traballo técnico financiado pola Xunta e que consiste nunha diagnose sobre os depósitos de lixo no termo municipal e o estudo sobre a súa corrección a efectos de obter datos e pautas para actuar con rigor neste servizo. Sinala que se levan a cabo caracterizacións de colectores, que consiste no baleirado dos mesmos para a clasificación do seu contido e obter a ratio de depósitos correctos e incorrectos, cuestión que pode dar datos certos que non sempre son os que se poden considerar a priori. Indica que, de inicio, pode considerarse que as zonas máis apartadas que só contan cun tipo de contenedor poderían ser as que van peor seleccionadas, pero non ten por qué ser así necesariamente, ao mellor é no urbano onde se da a maior porcentaxe, e iso só se sabe mediante a caracterización.

Don Jose Luis Hermida plantexa que, segundo entende, a auditoría consiste en baleirar colectores e ver o que hai dentro.

Don Secundino García indica que se trata dunha auditoría que se está a facer en todos os Concellos coa financiación da Xunta e que non é tan sinxelo. Destaca que se trata dun paquete de medidas destinadas a obter información precisa do servizo de lixo para poder analizar datos reais cos que posteriormente adoptar as decisións de xestión axeitadas. Sinala que existe actualmente unha situación en que a Xunta está a recibir multas porque envíase moito lixo a enterrar ou queimar e hai que reducir ese volume.

Dona María Muiño, concelleira do equipo de goberno, indica que se trata dun traballo técnico, un estudo moi rigoroso que dará as pautas necesarias para coñecer qué actuacións se deben levar a cabo para a mellora do servizo: actuacións de sensibilización, de distribución dos colectores... e outros factores que poden estar determinando que o servizo non funcione todo o ben que se pretende. Indica que tamén leva correlativamente un estudo por zonas que permitirá saber onde resulta máis necesario actuar, que non sempre é onde se pensa inicialmente. Considera que é fundamental saber cousas que só poden obterse a través desta auditoría, como a influencia de cuestións como a situación ou disposición dos colectores, posibles erros en prácticas estruturais, información que poida mellorarse... indica que tamén se está a levar a cabo unha campaña para que o lixo orgánico non sexa vertido nos contenedores nas zonas onde poida implementarse así, e unha serie de cuestións que axudarán, en definitiva, a reducir o volume de lixo.

Don Jose Luis Hermida indica que na súa opinión o que hai que facer é concienciar.



Don Secundino García sinala que dentro da concienciación tamén hai que analizar o resultado das campañas xa realizadas, e para poder seguir coa labor de concienciación e educación hai que saber onde debe incirse e como.

Don Jose Luis Hermida replica que a maioría da xente xa sabe que está a botar mal o lixo.

Don Secundino García resposta que precisamente este estudo técnico é o que vai dar os datos sobre qué está mal e onde está mal, e como actuar para mellorar. Pero que non se pode actuar sen saber, sen datos sobre os resultados. Tamén sinala que non é algo exclusivo de San Sadurni de Noya, que como sinalou anteriormente, é unha liña de subvención para todos os Concellos de Galiza, que están levando a cabo a mesma auditoría.

Por don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregúntase sobre o remolque que se mercou, e se xa se sabe cando estará dispoñible.

Don Secundino García, alcalde, resposta que o remolque forma parte tamén do paquete de medidas en materia de residuos, igual que a auditoría pola que preguntou anteriormente, e que está xa dispoñible e contan con que no próximo Novas ou, ao máis tardar, o seguinte, vaian xa as quendas das parroquias coas datas e lugares concretos onde se ubicará.

Por don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregúntase acerca da homenaxe a Manuel Seco.

Don Secundino García, alcalde, resposta que se está a traballar nese tema.

Por don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, pregúntase se a empresa que leva o mantemento do alumado público contrátase por mes ou por actuación.

Don Secundino García, alcalde, resposta que se trata dun contrato de servizos.

Don Jose Luis Hermida matiza se cobran ao mes ou por actuación.

Don Secundino García sinala que é un contrato cun orzamento anual adxudicado que se fracciona en 12 mensualidades.

Don Jose Luis Hermida indica que o pregunta porque na carreteira de Pedroso levan seis ou sete meses sen alumado e na de Cornide hai un mes que foron traballar alí pero segue sen luz. Pregunta quen controla iso dende o Concello.

Don Secundino García, alcalde, resposta pedíndolle rigor ao Sr. Concelleiro e recordándolle que están nun pleno e non nun bar. Considera que non é admisible que se virtan esas afirmacións nunha sesión plenaria, xa que son falsas. Indica que os puntos que sinala o Sr. Concelleiro están incluídos nun proxecto para cambialos, e que en concreto, a liña que vai dende a última casa de Pedroso ata o cruce que vai á Portela ten un problema detectado porque atravesa monte e as árbores teñen crecido e tocan xa o tendido eléctrico. Sinala que o Concello xa comunicou aos propietarios que deben cortar as árbores que non respectan as distancias co alumado, e se no prazo que se lles deu non o fan, o fará o Concello subsidiariamente. Indica que ese factor é o que está dando avarías continuamente, pero que se arregla de cada vez.

Dona María Muiño, concelleira do equipo de goberno, plantexa que existe un servizo de xestión deste tipo de incidencias a través da Liña Verde, que é unha aplicación a través da que tanto se comunican



as incidencias como pola empresa se comunica a súa resolución, e a través deste medio realízase un control polo Concello. Plantexa que é coñecedora persoal da situación e que non lle pode admitir ao sr. concelleiro que afirme que leva meses sen luz nesa pista, que o que hai son avarías constantes, pero non está sen luz.

Don Manuel Beceiro, concelleiro do equipo de goberno, informa de que a incidencia que poida poñer un particular a través da Liña Verde obtén sempre resposta, e se lle avisa cando está resolta, puidendo o cidadán tamén indicar se é certo ou non.

Don Secundino García preguntalle ao concelleiro do grupo municipal do PP se ten instalada a app da Liña Verde, respostando don Jose Luis Hermida que non a ten.

Don Secundino García estima que non é admisible que un concelleiro vai a un pleno a realizar unha afirmación sen ter coñecemento do servizo a disposición da cidadanía e falar sen saber, xa que unha incidencia podía tela feito por esa vía.

Dona María Muiño recomenda a todos os cargos públicos electos que instalen o Liña Verde, realicen as súas peticións ou comuniquen incidencias pola mesma app e comprobén que se lles comunica e se lles resolve. Considera que sen coñecer ou comprobar non se pode traer información a un pleno que non é certa.

Dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, pregunta se xa está dispoñible o local dos grupos políticos.

Don Secundino García, alcalde, resposta que si está dispoñible xa, que finalizaron xa pequenas obras pendentes como o falso teito e se retirou material que estaba alí pertencente ao Sergas, pero que se esqueceu do tema e pide desculpas. Insta aos voceiros dos grupos a reunirse cando teñan a ben e acordar o uso do local.

Dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, indica que o 2025 é o Ano Castelao e que se fixo un bando pola Alcaldía instando a ler “Sempre en Galiza”, que considera a base do nacionalismo galego, así como se levou unha moción ao pleno e se realizaron diferentes actos ao longo do ano, pero que o PP realizou no seu momento dúas preguntas, e unha delas ía en referencia ao libro mercado polo Concello, cun valor superior a 2.000,00€, libro que máis aló do valor económico consideran moi interesante, e que se lles dixo que o libro estaría a disposición dos veciños, pero finaliza o ano e non se cumpriu o dito.

Don Secundino García, alcalde, resposta que a obra “Sempre en Galiza” non é a base do nacionalismo galego, que arranca xa coa obra de Risco, moi anterior a Castelao, pero que é un ensaio que recomenda ler a calquera.

Indica tamén que o libro estivo a disposición da cidadanía nunha exposición de mes e medio que se levou a cabo na Casa do Concello, e que se trata dun libro de láminas que non se lee propiamente, senón que se ve, pois apenas ten pequenos textos a pé de imaxe, fundamentalmente contra o caciquismo.

Reitera que se queren ver o libro, o mesmo está no Concello, e en todo caso hai bibliografía extensa de Castelao na biblioteca porque considera que é recomendable sempre coñecer a súa obra.

Recomenda que en troques de preocuparse tanto da figura de Castelao coma debuxante, se interesen polo Castelao humanista. Considera que a imaxe non é a que se da dende a Xunta coas Medallas Castelao, senón a do pensador máis importante da historia do noso país, e que é unha magoa que un



grupo como o PP descoñeza a figura e se preocupe só por se o libro está exposto ou non. Reitera que se están interesados na obra de Castelao, na biblioteca hai exemplares.

Dona María Muiño, concelleira do equipo de goberno, sinala que quere clarificar que o libro é unha edición especial recopilatoria de láminas, moi delicado, que non pode terse en préstamo. Indica que se pode ver, coas precaucións propias deste tipo de obras, e que estivo dispoñible na exposición sobre a produción de Castelao.

Don Jose Luis Hermida pregunta onde se pode ver.

Dona María Muiño e don Secundino García sinalan que no Concello. Dona María Muiño indica que todos os que asistiron á exposición puideron velo, e que se tiveran asistido á exposición, tamén o terían visto. Para evitar dúbidas, afirma que o libro existe e pódese ver, pero coas cautelas e coidados propios dunha obra excepcional.

Don Secundino García sinala que ante a insinuación que poida considerarse ante a indicación polos sres. concelleiros do PP de que “supoño que estará aquí”, quérelles informar que antes desta obra mercouse un libro moito máis caro, o das obras completas de Cánovas del Castillo.

Dona Belén Trigo pregunta se ese libro está no Concello.

Don Secundino García sinala que non veu esas obras nunca, que no Concello non lle consta que estean, que ao mellor forman parte xa dalgunha biblioteca particular.

Dona María Muiño pregunta aos concelleiros do grupo municipal do PP se realmente nunca viron o libro de Castelao.

Dona Belén Trigo e don Jose Luis Hermida indican que preguntaron por el pero nunca o viron.

Dona María Muiño indica que o libro está moi visible na Alcaldía.

Dona Belén Trigo indica que no seu momento se lle informou de que estaba na biblioteca, pero preguntou e lle dixeron que alí non estaba, e que esa edición non está en ningunha outra biblioteca.

Dona María Muiño sinala que, cada vez que se reúne a Xunta de Voceiros, por exemplo, o libro está diante de todos eles, xa que está nas estanterías do despacho de Alcaldía, xunto con outros obxectos que pertencen ao Concello de San Sadurni de Noya e figuran expostos a disposición de que a cidadanía os poida ver.

Don Secundino García indica que non é unha edición exclusiva do Concello de San Sadurni de Noya, existen máis exemplares, pero seguramente non esténa nas bibliotecas a disposición de manipulación xeral. Fai o paralelismo coa lámina “A derradeira lección do mestre”, que pódense ver copias pero o orixinal non está exposto seguramente ao público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

